



Henares e de Valencia, cos seus respectivos mapas. Os obxectos dos seus protagonistas xa forman parte indisoluble da paisaxe urbana de ámbalas cidades:


Un pano protexía a Melaine do seu medo a durmir ás escuras; a Roberto encántalle xogar co seu padre ás cartas; co seu primeiro reloxero Cristina aprendeu a organizarse a xornada; a foto de Primeira Comunión de Miriam garda unha anécdota relacionada cos fotógrafos que captaron a escea; Guillerme pasou moitas horas xogando co seu boneco de 'playmobil'; Youssef trouxo de Marrocos natal as pedras do mar e os colares que lle regaló a súa nai; e Tomás escolleu unha pelota e unha tarxeta de felicitación que recibiu do seu avó.

Todos eles fusionáronse á historia da cidade; un territorio que o antropólogo Manuel Delgado define como espazo de identidade colectiva que, segundo advirte, corre o perigo de despersonalizarse. Manuel Delgado defende o dereito dos cidadáns a "poetizar" a cidade sembrándoa de memoria e a converterse en "seguidores de rastros propios e alleos".

A aposta estética de Carmen Puchol volve a destacar pola súa orixinalidade e o protagonismo dos obxectos -dende un calendario ata unha cebola, pasando por un anaco de película- aos que consegue dotar dunha gran forza expresiva para transmitir a historia sen a penas palabras.

- **Temática:** libro de creación; proxecto escolar; tempo
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos
- **Aspectos destacables:** participación dos nenos; recuperación da memoria; Michael Ende e "Momo"; dos autores de "Artefactes", publicado por KALANDRAKA (Premio Nacional de Edición 2003)

[comunicacion@kalandraka.com](mailto:comunicacion@kalandraka.com) | [www.kalandraka.com](http://www.kalandraka.com)



## JOSÉ ANTONIO PORTILLO VESGA

(Burgos, 1959)

Profesor, escultor e xestor cultural do Concello de Benicàssim. Expuxo a súa obra en diferentes espazos artísticos, como "Casa de Vacas" en Madrid, EACC Espai D'Art Contemporani de Castelló, Ateneo de Valencia, e en escenarios internacionais como o Archivio Artista de Parma (Italia) en 1999, o Centro Cultural de Belem (Lisboa), o Lyric Theatre Hammersmith (Londres), o Teatro Piccolo de Milán ou no Royal Festival de Londres. As súas obras foron seleccionadas e premiadas en diversos foros, como o Premio Bancaixa de Pintura e Escultura (1999), LVII Exposición Nacional de Artes Plásticas de Valdepeñas, I e II Mostra Biennial d'Art d'Alcoi.

## CARMEN PUCHOL (L´Alcora, 1968)

Licenciada en Belas Artes e deseñadora gráfica, traballa en composicións plásticas a partir da pintura e da fotografía. A súa obra expúxose na Biennale Giovanni Artisti do Mediterráneo (Turín, 2001), na Artissima 2001 (Feira de Arte Contemporánea de Turín), Museu Municipal de Cerámica de L´Alcora, Artexpo-Barcelona, Feira Internacional de Arte Contemporánea (Granada) ou na Galeria Pictograma de Castelló. En 1993 foi galardoada co 1º Premio de Pintura "Platges de Benicàssim".

A súa técnica parte da ilustración a partir da fotografía dixital, coa finalidade de plantexarle ao lector a dúbida sobre a veracidade da historia. A través da fotografía preguntámonos *¿será verdade?* e logo, a través de diferentes tratamentos pictóricos sobre a imaxe, vains introducindo noutro tipo de ilustración que nos presenta un novo interrogante: *¿será mentira?*.

